



***Resolución do 29 de abril de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca o Premio Boas Prácticas de Educación Inclusiva 2019 para os centros docentes públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2018/19.***

A educación inclusiva ten como propósito lograr o máximo desenvolvemento posible de todo o alumnado en convivencia cos seus iguais e cos demais membros da comunidade educativa. En consecuencia, falar de inclusión educativa supón identificar, eliminar ou minimizar, no seu caso, as barreiras que, derivadas de condicións persoais ou sociais dalgúns alumnos e alumnas, en determinados momentos poden limitar o seu proceso de participación e aprendizaxe no centro ou na aula.

Acadar unha educación inclusiva require un proceso continuo de planificación e implementación de procesos de innovación e mellora nos centros educativos, ofrecer unha educación de calidade que garanta a igualdade de oportunidades a todo o alumnado, equidade, e que conte coa participación de todos os integrantes da comunidade educativa.

Unha escola inclusiva é aquela que se apoia na convicción de que todo o alumnado pode aprender cando se lle outorgan as oportunidades de aprendizaxe axeitadas, se estimulan as capacidades e responsabilidades sociais, se planifica a promoción dun nivel a outro e a transición dunha etapa educativa á outra, traballando en colaboración coas familias e outros membros da comunidade.

A construción dunha escola inclusiva comeza pola análise e reflexión sobre o propio proceso ou formas de responder á diversidade, o nivel de participación, a análise dos grupos ou individuos con risco de exclusión social, sobre a cultura de valores inclusivos e modo de entender a diversidade e sobre a relación entre escola e sociedade pois, unha escola inclusiva é o camiño cara a crear unha sociedade inclusiva.

A inclusión, como principio fundamental do sistema educativo, está presente en diferentes documentos:

- A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948. art.26) recolle que "Toda persoa ten dereito á educación [...] e que esta se dirixirá ao pleno desenvolvemento da personalidade e a fortalecer o respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais [...]"
- O Informe da UNESCO "Educación 2030 - Declaración de Incheon", establece no marco de acción para a realización do obxectivo de desenvolvemento sostible como principio básico, *garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos.*
- A Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, de 2006, adica o seu artigo 24 ao dereito á educación desde unha perspectiva de dereitos humanos, de acordo co modelo



ecolóxico da discapacidade, presente en toda a Convención, e de acordo cos seus principios xerais: respecto, non discriminación, participación e inclusión, igualdade de oportunidades.

▸ A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), na redacción dada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), establece que a adecuada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir do principio de normalización e inclusión, entendendo que unicamente dese modo se garante o desenvolvemento de todos e todas, se favorece a equidade, e se contribúe a unha maior cohesión social.

▸ O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, fai referencia a que a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, debe asegurar a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo ordinario.

Tamén se establece que os centros educativos deberán ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais de todas as alumnas e alumnos, no marco dos principios de normalización e inclusión e desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade

A planificación educativa desde unha perspectiva da educación inclusiva, require que, despois de avaliar o contexto educativo, se proceda a axustar as intervencións educativas e o currículo á diversidade do alumnado, actuando desde o deseño e acceso universal para todos e todas que garanta a accesibilidade a todo o alumnado e a participación e a aprendizaxe no proceso educativo para así facilitar o éxito educativo do alumnado.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 90, dispón que *as Comunidades Autónomas poderán recoñecer e premiar o labor didáctico ou de investigación de profesores e centros, facilitando a difusión entre os distintos centros escolares dos traballos ou experiencias que mereceron ese recoñecemento pola súa calidade e esforzo.*

Polos motivos anteriormente expostos, esta dirección xeral expón:

#### **Apartado 1. Obxecto e ámbito de aplicación.**

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases de participación e convocar o **Premio Boas Prácticas de Educación Inclusiva 2019** para os centros docentes públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2018/19.



## Apartado 2. Categorias de participación.

Os centros presentarán as solicitudes ás seguintes categorías:

- **Categoría A:** destinada a educación infantil e educación primaria.
- **Categoría B:** destinada a educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional básica.

Cada unha das categorías comprende aqueles centros que integran as ensinanzas indicadas: colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria, colexios de educación primaria, centros públicos integrados, institutos de educación secundaria, centros integrados de formación profesional e centros públicos de formación e promoción de adultos.

## Apartado 3. Recoñecemento, premios e dotación económica.

Concederanse, para cada categoría, catro premios: un primeiro, un segundo, un terceiro e un accésit, polo importe que figura na táboa seguinte:

Categorías	Premio	Importe
A	1º premio	5.000€
	2º premio	2.500€
	3º premio	1.000€
	Accesit	500 €
B	1º premio	5.000€
	2º premio	2.500€
	3º premio	1.000€
	Accesit	500 €

Os premios regulados nesta convocatoria serán atendidos con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.423A.640.1 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dos orzamentos de 2019, por un importe total de 18.000 €.

A comisión de selección poderá conceder accésit a aqueles centros que presenten un proxecto favorecedor de inclusión educativa digno de mención.





Os premios poderán ser declarados desertos no caso de que non se atope a calidade suficiente para outorgalos. Con carácter excepcional, e por acordo motivado, a comisión de selección poderá determinar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre o resto dos centros premiados.

Este premio é compatible coa concesión de calquera outro do que sexa beneficiario o centro. Así mesmo, os centros premiados co primeiro premio recibirán o distintivo de **Centro Educativo Inclusivo**.

#### **Apartado 4. Prazos e presentación da documentación.**

Cada centro docente poderá presentar unha soa solicitude de participación nestes premios na que se recollerán o conxunto de boas prácticas de inclusión realizadas.

Para participar nesta convocatoria será necesaria a presentación da seguinte documentación:

1. Solicitude de participación (Anexo I) que figura ao final desta convocatoria.
2. Certificación de que o centro conta con autorización para o uso das imaxes dos menores participantes no traballo, se as houber, e que asinará a persoa responsable da dirección do centro.
3. Certificación, asinada pola persoa responsable da dirección do centro, na que figuren os datos (nome, apelidos e DNI) das persoas docentes que desenvolveron e presentan as boas prácticas realizadas ao premio. Designarase unha persoa coordinadora, que se responsabilizará da documentación e a organización da información que se incorpore á memoria que se presenta.
4. Memoria descritiva das accións de centro orientadas ao fomento da inclusión educativa, segundo as seguintes indicacións:
  - a) Estará elaborada polo equipo de docentes que se presenten a este premio.
  - b) Deberá axustarse á descrición concreta e contextualizada do traballo realizado, facendo fincapé na integración do traballo por competencias (aprendizaxe competencial) e no emprego de metodoloxías activas e inclusivas.
  - c) Deberá ter unha extensión aproximada de 20 páxinas numeradas, tipografía Arial 11, interlineado 1,5. Poderanse incluír fotografías, gráficos e ligazóns. Presentarase en calquera formato dixital editable.



d) Comprenderá as seguintes seccións:

- Portada (título, categoría de participación, código do centro, nome do centro, concello e provincia)
- Índice (paxinado)
- Xustificación: expresarase a razón que motivou ao centro a presentarse ao premio, o vínculo co contexto socioeducativo e a contribución ao desenvolvemento do establecido no proxecto educativo así como o nivel de coordinación e colaboración do profesorado, órganos de goberno e de coordinación docente.
- Descrición das accións levadas a cabo para o fomento da inclusión educativa:
  - Niveis e áreas, materias ou módulos nos que se desenvolveu a acción inclusiva.
  - Profesorado implicado.
  - Obxectivos.
  - Contidos.
  - Organización de espazos, tempos e recursos presentes no centro.
  - Metodoloxías activas. Descrición das estratexias empregadas para favorecer a participación activa do alumnado. Se é o caso, incluíranse as medidas adoptadas co alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
  - Procedemento de avaliación: Valoración do proceso e do logro acadado polo alumnado, polo profesorado e polo resto da comunidade educativa no desenvolvemento da acción.
  - Implicación da comunidade educativa e da contorna do centro: do profesorado, do alumnado, das familias, e, no seu caso, doutro persoal e instancias externas ao centro (institucións e entidades colaboradoras) que participaron na súa planificación e desenvolvemento.
- Avaliación e impacto das prácticas inclusivas a nivel de centro. Farase fincapé nas repercusións organizativas, pedagóxicas e programáticas destas prácticas para o fomento da cultura inclusiva no centro educativo. Indicarase tamén as perspectivas de mellora de cara ao futuro.



- Difusión e visibilización das actividades realizadas en relación ás canles das que dispón o centro ou as empregadas habitualmente: web do centro, actividades de difusión (exposicións,...), revista escolar, etc.

A documentación enviarase ao seguinte enderezo electrónico: [inclusioneducativa@edu.xunta.gal](mailto:inclusioneducativa@edu.xunta.gal)

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contando a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na web da Consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) rematando o prazo o 29 de maio de 2019.

#### **Apartado 5. Comisión de selección.**

A comisión de selección estará formada por:

- Presidencia: subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
  - Xefa de servizo de Inclusión e Orientación Educativa.
  - Unha persoa da Inspección Educativa
  - Un membro dos Equipos de Orientación Específicos
  - Unha persoa asesora do servizo de Inclusión e Orientación Educativa que actuará como secretario/a.

Esta comisión poderá solicitar informes de consideralo necesario.

#### **Apartado 6. Criterios de valoración.**

A valoración realizarase unicamente a través da memoria presentada a esta convocatoria. Tendo en conta os seguintes criterios de valoración: presentación da memoria, calidade das accións inclusivas para o fomento da cultura inclusiva, coordinación docente, implicación dos membros da comunidade, dinamización dos recursos, espazos e tempos, repercusión no proceso de ensino e aprendizaxe, a estruturación no proceso de avaliación das accións e da repercusión destas a nivel de centro, propostas de mellora e avance na construción de contornas inclusivas.

#### **Apartado 7. Resolución.**





A comisión de selección, unha vez avaliadas as candidaturas presentadas, emitirá unha resolución provisional dos premios concedidos. Esta resolución provisional poderá consultarse no portal educativo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>)

Os centros solicitantes dispoñen dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación na mencionada web, para realizar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, a continuación elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados, que será publicada na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>)

#### **Apartado 8. Certificación do profesorado.**

O profesorado implicado dos centros premiados nesta convocatoria recibirá, por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, unha certificación do premio de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e 20 horas para o profesorado participante.

#### **Apartado 9. Pagamento dos premios.**

O pagamento do importe correspondente aos premios farase en base ao seguinte procedemento:

1. As contías asignadas por estes premios serán transferidas aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2019.
2. O importe concedido a cada centro premiado deberá destinarse a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas e imputables á participación do centro nas boas prácticas inclusivas.
3. Os gastos teñen que realizarse na súa totalidade antes do 31 de decembro de 2019. A súa xustificación farase a través da contabilidade xeral do centro ata o 31 de xaneiro de 2020.

#### **Apartado 10. Difusión das boas prácticas.**

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dos dereitos de edición. Estes materiais difundiranse baixo a licenza "Creative Commons", que combine as propiedades "recoñecemento" e "compartir igual".



No caso de que os/as autores/as decidisen publicar os traballos premiados por outras vías, deberán solicitar o permiso correspondente á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. De ser a resposta positiva, na publicación deberá constar expresamente o premio concedido.

#### **Apartado 11. Datos de carácter persoal.**

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a norma que a desenvolve, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

3. A sinatura e presentación da solicitude implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais.

4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Os datos de contacto coa persoa delegada de protección de datos están accesibles no seguinte enderezo [https:// www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais](https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais)

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Dirección Xeral de Educación,  
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

galicia



Santiago de Compostela, 29 de abril de 2019

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa